


IES Xesús Ferro Couselo. Departamento Bioloxía e Xeoloxía. Curso 2023/2024
2º BACHARELATO Bioloxía.
Distribución e temporalización dos contidos (Esta distribución poderá variar ao longo do curso):

1ª Avaliación:

Unidade didáctica	Contidos	Libro de texto
1	A composición química da materia viva.	Tema 1
2	Os glúcidos.	Tema 2
3	Os lípidos.	Tema 2
4	As proteínas. Enzimas.	Tema 3
5	Os ácidos nucleicos.	Tema 3

2ª Avaliación:

Unidade didáctica	Contidos	Libro de texto
7	Morfoloxía, estrutura e fisioloxía celular.	Tema 4
8	As envolturas e orgánulos celulares. O núcleo e o ciclo celular	Tema 5 e 6
9	O metabolismo celular.	Tema 7
10	Catabolismo.	Tema 7
11	Anabolismo.	Tema 8

3ª Avaliación:

Unidade didáctica	Contidos	Libro de texto
6	A xenética molecular. A información xenética, expresión e regulación.	Tema 9 e 10.
12	A biotecnoloxía.	Tema 11
13	O papel dos microorganismos.	Tema 11
14	Inmunoloxía.	Tema 12
15	As patoloxías do sistema inmunitario.	Tema 12

Materiais e recursos didácticos:

Libro de texto: Bioloxía "Operación mundo". Editorial Anaya. Presentacións de diapositivas elaboradas polo docente. Guions de prácticas de laboratorio. Boletíns de exercicios Aula Virtual e diversos recursos web.

ESPAZOS: aula - laboratorio de ciencias, aula de informática.

O libro de texto e as presentacións de diapositivas de cada unidade serán as guías fundamentais para abordar os contidos da materia. As presentacións de diapositivas estarán a disposición do alumnado na Aula Virtual. Para traballar os contidos empregaranse tanto os exercicios propostos no libro de texto, exercicios dos boletíns, guión das prácticas de laboratorio e os diversos recursos web.


Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación:

UD	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	5	5	10	10	5	5	5	5	5	10	5	10
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

UD	15	TOTAL
Peso UD/ Tipo Ins.	5	100
Proba escrita	90	90
Táboa de indicadores	10	10

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

-Probas escritas: En cada unha das tres avaliacións farase como mínimo dúas proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. A/s proba/s escrita/s representarán o 90% da nota da avaliación.

-Producións do alumnado: as tarefas de aula, traballos de investigación, esquemas das unidades didácticas e os informes das prácticas de laboratorio representarán o 10% da nota de avaliación.

CUALIFICACIÓN POSITIVA E CUALIFICACIÓN FINAL

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos. En cada un dos tres trimestres realizaranse dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

-Realización de probas escritas: a media da nota obtida nas dúas probas representará o 90% da nota da avaliación.

-O 10% restante obterase da corrección de exercicios e tarefas de aula, proxectos de investigación e informes de actividades prácticas no laboratorio. As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro da profesora. A avaliación será continua e progresiva, de forma que en cada trimestre serán avaliados os contidos de Bioloxía impartidos ata ese momento.

A cualificación só será positiva se os alumnos superan todos os mínimos de consecución establecidos para cada avaliación e a materia estará superada cunha nota igual ou superior a 5.

A cualificación final da materia será a media aritmética das notas obtidas nas tres avaliacións do curso ou, de ser o caso, na proba final.

Nos casos nos que o alumnado obteña na nota final unha cualificación con decimais, na convocatoria ordinaria, seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación). Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior. (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación).

Cualificación 1ª avaliación: 90% avaliación contidos, dúas probas. A nota será a media das cualificacións das dúas probas. 10% observación diaria aula e traballos e actividades de elaboración individual ou en grupo.

Cualificación 2ª avaliación:

-Primeira proba: sobre contidos da primeira avaliación, que contribuirá a cualificación da avaliación nun 20%.

-Segunda proba e terceira: sobre contidos impartidos nese trimestre, que contribuirá a cualificación da avaliación nun 70%, calculándose a media de ditas probas.

-10% observación diaria aula e traballos e actividades de elaboración individual ou en grupo.

Cualificación 3ª avaliación:

-Primeira proba: sobre contidos da primeira e da segunda avaliación, que contribuirá a cualificación da avaliación nun 30%.

-Segunda proba e terceira: sobre contidos deste trimestre que contribuirá a cualificación da avaliación nun 60%, calculándose a media de ditas probas.

-10% observación diaria aula e traballos e actividades de elaboración individual ou en grupo.

Avaliación ordinaria Maio: proba final de todos os contidos da materia.

-Para alumnos con 1ª, 2ª e 3ª avaliación aprobadas, este exame final contribuirá a nota final nun 20% e a media das notas das avaliacións nun 80%.

-Para alumnos que teñan 1ª e 2ª avaliación aprobadas, e 3ª suspensa. O exame final contribuirá a avaliación ordinaria nun 60% e a media das notas da 1ª e 2ª o 40% restante.

Avaliación extraordinaria de Xuño: para alumnos que teñen suspensas as tres avaliacións onde se inclúen todos os contidos do curso.

Criterios de recuperación:

Para alumnos que teñan a 1ª Avaliación suspensa:

-Proba sobre todos os contidos da primeira avaliación ao comezo da 2ª Avaliación que será superada cun 5 como mínimo en dita proba.

Para alumnos que teñan a 2ª Avaliación suspensa:

- Proba sobre todos os contidos da segunda avaliación ao comezo da 3ª Avaliación que será superada cun 5 como mínimo en dita proba.

Para alumnos que teñan a 3ª Avaliación suspensa:

-Para alumnos que teñan 1ª e 2ª avaliación aprobadas, e 3ª suspensa. O exame final contribuirá a avaliación ordinaria nun 60% e a media das notas da 1ª e 2ª o 40% restante.

Para alumnos con 1ª e 2ª Avaliación suspensas: proba a comezo da 3ª Avaliación sobre contidos da primeira e da segunda avaliación, que será superado no caso de obtér unha puntuación de 5 ou máis.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Avaliación extraordinaria Xuño. Proba sobre os contidos de todo o curso que será superada sempre que a puntuación sexa de 5 ou máis.